



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
"O FSE inviste no teu futuro"



Estimados/as cooperativistas,

Como parte do seu labor de difusión e fomento do cooperativismo, o Consello Galego de Cooperativas estará presente na 2ª edición do **Compostela Gastronómica, Festival da Cociña Galega**, que se celebrará dende o día **16 ao 21 de abril de 2015** no **Mercado de Abastos de Santiago de Compostela**.

No marco neste evento queremos promover a participación das cooperativas interesadas nun **workshop**, que terá lugar o **luns 20 de abril de 17:00 a 19:00 hrs** no Mercado de Abastos de Santiago, dirixido a cociñeiro e profesionais do sector da hostalería de Santiago, bisbarra e resto de Galicia, e no que cremos se darán unhas condicións ideais para a promoción dos produtos das cooperativas que forman parte da nosa institución.

O Consello Galego de Cooperativas conta con varios espazos individuais (postos de 2 x 3 m na Nave 5 do Mercado de Abastos) que poñerá a disposición dos cooperativistas que queiran participar, co fin de promover os seus produtos entre un público que sen dúbida será do seu interese profesional.

Dentro deste espazo de traballo permítese a degustación de produto, polo que estará dotado con infraestruturas de cociña mínimas (vitrocerámica e microondas) para o seu uso en caso de ser necesarias para elaborar o producto de degustación.

Dende a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social sentirémonos moi honrados de contar coa vosa participación. Para compartir este espazo está aberto o prazo de inscrición a través do teléfono 639.894.812 ou do correo [info@compostelagastronomica.es](mailto:info@compostelagastronomica.es). Este prazo remata o vindeiro 9 de abril de 2015.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo,

Carmen Bouso Montero  
Directora Xeral de Traballo e Economía Social

